

Formación continua de equipos directivos. Ensinanzas de formación profesional. Curso 2017-2018


Subdirección Xeral de Formación Profesional

Decembro de 2017

www.edu.xunta.es/fp


DX Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DXEFPIE)

Estrutura



Subdirección Xeral de FP

Estrutura



Servizo de Xestión da FP

Funcións

- “Oferta de FP” (SXFP, DXCRH).
- Procesos centralizados de admisión.
- Probas de acceso a ciclos formativos de FP.
- Probas libres (títulos LOE).
- Probas para a obtención de carnés e habilitacións profesionais. Certificados gases fluorados.
- Sistemas de xestión de calidade.
- Equipamento: informes e propostas.

Sistemas de xestión da calidade dependentes da DXEFPIE



Propostas de oferta en FP

Admisión

Oferta

- Proposta de oferta de ciclos formativos de FP (FPB, GM, GS), aplicación “ciclosadmisión”.
- Determinación do número de postos escolares.
 - Competencia do titular da xefatura territorial tanto en réxime de persoas adultas como en ordinario.
- Publicidade da oferta.
 - DOG: Ordes da oferta (ordinario, réx. persoas adultas, dual)
 - Informes e publicacións.
 - Páxina de FP.
 - Folletos informativos.
 - Mapas da oferta.

Equipamento en FP

Proposta de equipamento

- Responsabilidade da dirección do centro con informes dos xefes de departamento didáctico.
- Remisión do informe á inspección educativa para revisión, informe e tramitación.
- SXFP:
 - Equipamento en decreto de currículo.
 - Elabora informes, caracterización e catálogo.
 - Remite proposta de compra á Secretaría Xeral.
- Secretaría Xeral: concurso, compra e distribución.
- Amtega: equipamento informático.

Acceso FPB, GM e GS

Calendario de implantación

Disposición final 5ª. LOMCE

- As modificacións introducidas nas condicións de acceso e admisión ás ensinanzas reguladas nesta Lei orgánica serán de aplicación no curso escolar 2016-2017.
- Pendente de publicación Real decreto FP.
- Pendente de publicación Real decreto de acceso e admisión (finalizada a exposición pública).

Artigo 41.1 da LOE. Acceso e admisión.

Ciclos de FP básica

- Para o alumno que cumpra **simultaneamente**:
 - **Ser maior de 15 e non superar os 17** no momento do acceso ou durante o ano natural en curso (facer 15 ou 16 anos no ano de inicio de ciclo).
 - **Ter cursado** o primeiro ciclo de ESO (3º de ESO) ou, **excepcionalmente**, ter cursado o 2º curso de ESO.
 - **Ser proposto/a polo equipo docente** ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica.
- Requírese o **consentimento** do pai, a nai ou os/as titores/as legais.

Artigo 41.2 da LOE. Acceso e admisión.

Ciclos de grao medio

- O **acceso** a ciclos formativos de grao medio requirirá o cumprimento de, polo menos unha das seguintes condicións:
 - Estar en posesión de, polo menos, un dos seguintes títulos:
 - Título de graduado en ESO, sempre que o alumno ou alumna superase a avaliación final da **ESO pola opción de ensinanzas aplicadas**.
 - **Título profesional básico**.
 - Título de bacharel.
 - Un título universitario.
 - Un título de técnico ou de técnico Superior de FP.
 - Estar en posesión dun certificado acreditativo de ter superado todas as materias do Bacharelato (LOMCE).
 - Ter superado un curso de acceso a ciclos de grao medio.
 - Ter superado unha proba de acceso.


Artigo 41.3 da LOE. Acceso e admisión.

Ciclos de grao superior

- O **acceso** a ciclos formativos de grao superior requirirá o cumprimento das seguintes condicións:
 - Estar en posesión dun:
 - Título de bacharel.
 - Título universitario.
 - **Título de técnico** ou de técnico superior.
 - Certificado acreditativo de ter superado todas as materias do Bacharelato.
 - Ter superado unha proba de acceso.
- Disposición adicional terceira. **Título de BUP** equipárase ao bacharelato para o acceso a ciclos de grao superior.

Sistema educativo. Itinerarios.

LOMCE



Títulos e estudos anteriores.

Disposición adicional 3ª. LOMCE

- O **título de ESO** permitirá acceder a todas as ensinanzas postobrigatorias, sen o requisito de ter superada a avaliación final de ESO.
- O **alumnado de PCPI** que teña superados todos os módulos obrigatorios poderá acceder aos ciclos de grao medio ou obter o título de ESO tras superar a avaliación final de ESO.
- **BUP** (Bacharelato Unificado Polivalente) equipárase ao bacharelato actual para o acceso aos ciclos formativos de grao superior.

Real Decreto-lei 5/2016

- Real Decreto-lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Artigo 1 modifica a disposición final quinta, calendario de aplicación, da LOMCE.
- As probas de avaliación final de ESO e de bacharelato non terán efectos académicos e polo tanto non serán necesarias para a obtención dos títulos (ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación).

Título de graduado en ESO

FP básica

- Nova disposición final quinta LOMCE punto 4:
 - “...Ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, os alumnos que obteñan un título de FPB poderán obter o título de ESO, sempre que, na avaliación final do ciclo formativo, o equipo docente considere que acadaron os obxectivos da ESO e adquiriran as competencias correspondentes.

Título de graduado en ESO

- Nova disposición final quinta LOMCE punto 2:
 - “...Os títulos de graduado en ESO expedidos ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación permitirán acceder indistintamente a calquera das ensinanzas postobligatorias recollidas no artigo 3.4 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio.
- Tanto co título de ESO por ensinanzas académicas como por ensinanzas profesionais poden acceder a GM ou ao bacharelato.


Probas de acceso a ciclos formativos GM e GS

Pruebas de acceso

Abandono escolar temprano España

El abandono tras la educación obligatoria

Abandono educativo temprano por C.A: Porcentaje de población de 18 a 24 años que no ha completado el nivel de E. Secundaria 2.ª etapa y no sigue ningún tipo de educación-formación. **Año 2013**




Fuente: Encuesta de Población Activa. INE. Elaborado con la metodología de Eurostat.

Probas de acceso

Abandono escolar temprano Europa


Abandono educativo temprano - Países de la Unión Europea: Porcentaje de población de 18 a 24 años que no ha completado el nivel de E. Secundaria 2.ª etapa y no sigue ningún tipo de educación-formación. Año 2013



Fuente: Encuesta Europea de Población Activa (Labour Force Survey). Eurostat.

Probas de acceso

Abandono escolar temprano evolución



Probas de acceso

Abandono escolar temprano España

ABANDONO EDUCATIVO TEMPRANO EN ESPAÑA

► TERCER TRIMESTRE DEL 2015

- MENOS DEL 11%
- DEL 11% AL 18%
- DEL 18% AL 22%
- MÁS DEL 22%


11% MEDIA DE LA UE
(2014)

20,3% MEDIA DE
ESPAÑA



Sistema educativo. Itinerarios.

LOMCE



Probas de acceso

Normativa específica

- Orde anual da convocatoria.
 - Orde do 22 de decembro de 2016 pola que se convocan probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo para o ano 2017. (Próxima publicación convocatoria 2018).
 - Resolución de nomeamento do tribunal único.

Probas de acceso

Requisitos

- **GM:** persoas sen requisitos académicos de acceso a CFGM e que teñan cumpridos dezasete anos ou os cumpran no ano natural de celebración da proba.
- **GS:** persoas sen requisitos académicos de acceso a CFGS e que teñan cumpridos dezanove anos ou os cumpran no ano natural de celebración da proba.

Probas de acceso

Aspectos xerais

- Inspector responsable provincial e sede.
- Tribunal avaliador.
- Comisións de realización
- Proba única, múltiples sedes.
- Inscripción.
- Adaptación da proba.
- Estrutura das probas.
- Exencións.

Probas de acceso

Aspectos xerais

- Cualificacións.
- Certificacións.
 - Validez en todo o estado acceso a ciclos.
 - Proba acceso a GM equivale a efectos profesionais título ESO (para quen teña 1º e 2º de ESO ou outras circunstancias*).
 - Proba acceso a GS equivale a efectos profesionais título Bacharel (para quen teña o título de graduado en ESO ou equivalente académico*).
- Resolución administrativa.
- Aplicación de xestión das probas de acceso de formación profesional (“ciclosprobas”).

*Consultar: Orden EDU/520/2011, Orden EDU/1603/2009.

Probas de acceso

Estrutura e organización, proba de grao medio

- Parte sociolingüística:
 - Lingua castelá.
 - Lingua galega.
 - Ciencias sociais.
- Parte matemática:
 - Matemáticas
- Parte científico-técnica:
 - Ciencias da natureza.
 - Tecnoloxía.

Probas de acceso

Estrutura e organización, proba de grao superior

- **Parte común:**
 - Lingua galega.
 - Lingua castelá.
 - Matemáticas.
- **Parte específica:** escóllense dúas materias en cada opción.
 - Opción A
 - Economía da empresa.
 - Lingua estranxeira (inglés ou francés).
 - Filosofía e cidadanía.
 - Opción B
 - Debuxo técnico.
 - Tecnoloxía industrial.
 - Física.
 - Opción C
 - Ciencias da terra e ambientais.
 - Química.
 - Bioloxía.

Opcións da parte específica da proba en función da familia profesional a que se desexa acceder

PROBA DE ACCESO SUPERADA	FAMILIAS PROFESIONAIS E CICLOS FORMATIVOS AOS QUE DÁ ACCESO
Opción A	Administración e Xestión.
	Comercio e Márketing.
	Hostalaría e Turismo.
	Servizos Socioculturais e á Comunidade.
	Ciclo superior de Produción de Audiovisuais e Espectáculos (da familia profesional de Imaxe e Son).
Opción B	Artes Gráficas.
	Edificación e Obra Civil.
	Electricidade e Electrónica.
	Enerxía e Auga.
	Fabricación Mecánica.
	Industrias Extractivas.
	Informática e Comunicacions.
	Instalación e Mantemento.
	Imaxe e Son (agás o ciclo superior de Produción de Audiovisuais e Espectáculos).
	Madeira, Moble e Cortiza.
	Marítimo-pesqueira (agás o ciclo superior de Acuicultura).
	Transporte e Mantemento de Vehículos.
	Téxtil, Confección e pel.
	Vidro e Cerámica.
Opción C	Agraria.
	Actividades Físicas e Deportivas.
	Imaxe Persoal.
	Industrias Alimentarias.
	Ciclo superior de Acuicultura (da familia profesional de Marítimo-Pesqueira).
	Química.
	Seguridade e Ambiente.
	Sanidade.

Probas de acceso

Exencións

- A solicitude de **exencións parciais** da proba deberase formular no momento da inscrición.
- As persoas que teñan algunha das circunstancias para ter a **exención total** da proba poderán participar directamente no proceso de admisión a ciclos formativos sen necesidade de inscribirse nas probas de acceso.

Probas de acceso GM

Exención total

Exención total (acreditando calquera das seguintes circunstancias)

- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao superior, de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.
- Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.

Nota: estas persoas han poder participar no proceso de admisión a ciclos formativos de grao medio presentando directamente o certificado acreditativo na secretaría do centro correspondente, nas condicións que se indiquen na normativa do proceso de admisión.

Probas de acceso GM

Exencións parciais

Exención parcial		
- Segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI). - Nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (ESA).	- Superación do ámbito de comunicación. - Superación do ámbito social. (cómpre acreditar a superación de ambos os dous ámbitos; non abonda a superación dun só).	Exención da parte sociolingüística.
	Superación do ámbito científico-tecnolóxico.	Exención da parte matemática. Exención da parte científico-técnica.
Superación dos módulos específicos profesionais (con ou sen ter realizado o módulo de formación en centros de traballo) dun PCPI.		
Dispor dun certificado de profesionalidade de calquera nivel, consonte o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.		Exención da parte científico-técnica *
Ter, como mínimo, un ano de experiencia laboral en xornada completa, con independencia do campo profesional en que se traballase. As persoas interesadas deberán cumprir este requisito con anterioridade ao remate do período de inscrición para as probas.		

* Abonda con acreditar calquera das circunstancias indicadas na táboa para a exención desta parte.

Nota: a exención dalgunha das partes da proba de acceso de grao medio obtida desde o ano 2009 en Galicia ten validez para as seguintes convocatorias.

Probas de acceso GS

Exención total

Exención total
Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

Nota: estas persoas han poder participar no proceso de admisión a ciclos formativos de grao superior presentando directamente o certificado acreditativo na secretaría do centro correspondente, nas condicións que se indiquen na normativa do proceso de admisión.

Probas de acceso GS

Exención parcial

Exención parcial (acreditando calquera das seguintes circunstancias)	
▪ Ter superada a proba de acceso a outros ciclos formativos de grao superior de réxime xeral non incluídos na opción pola que se presenta, consonte o anexo VII da convocatoria (reproducido ao final deste documento). ▪ Ter superada unha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.	▪ Exención da parte común.
▪ Dispor dun título de técnico auxiliar da Lei 14/1970, do 4 de agosto. Terá exención de acordo coa correspondencia do título coas familias profesionais segundo a opción da proba consonte os anexos VIII e IX da convocatoria (reproducidos ao final deste documento). ▪ Dispor dun certificado de profesionalidade de nivel 2 ou superior dalgunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta, consonte os anexos VIII e IX da convocatoria (reproducidos ao final deste documento). ▪ Ter, como mínimo, un ano de experiencia laboral en xornada completa en campos profesionais que se correspondan con algunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta, consonte os anexos VIII e IX da convocatoria (reproducidos ao final deste documento). ▪ Ter a condición de deportistas de alto nivel ou de alto rendemento (no caso de se presentar pola opción C), consonte o establecido no artigo 9.3.a do Real Decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, e no artigo 36.1.f da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. ▪ Dispor dun título de técnico deportivo (no caso de presentarse pola opción C). ▪ Dispor dun título de técnico de artes plásticas e deseño (no caso de presentarse pola opción B).	▪ Exención da parte específica.

Nota: a exención dalgunha das partes da proba de acceso de grao medio obtida desde o ano 2009 en Galicia ten validez para as seguintes convocatorias.

Probas de acceso

Certificación de realización das probas

Certificación de realización das probas de acceso	
Grao medio	Grao superior
- Na certificación constará a nota final lograda e a cualificación obtida en cada unha das partes que a compoñen. - A certificación da superación da proba dará acceso a calquera ciclo formativo de grao medio, nas condicións de admisión que se establezan. - Para quen realizara a proba na Comunidade Autónoma de Galicia e non a superara na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco durante un máximo de dous anos nas probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia.	- Na certificación constará a nota final lograda e a cualificación obtida en cada unha das partes que a compoñen. - No caso de superación da proba, a devandita certificación incluírá a relación de familias profesionais ás que se poderá acceder nas condicións de admisión que se establezan. - Para quen realizara a proba na comunidade autónoma de Galicia e non a superara na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco durante un máximo de dous anos nas probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia.

Probos de acceso

Vixencia da certificación de superación das probas

Vixencia das certificacións de superación anteriores ao 2014 das probas de acceso

- A certificación de ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio consonte o establecido na Orde do 1 de abril de 2002 e na Orde do 2 de decembro de 2008 polas que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica, terán os mesmos efectos que a certificación da superación da totalidade da proba de acceso que se indica no apartado anterior.
- A certificación de ter superada a proba de acceso a un determinado ciclo formativo de grao superior consonte a Orde do 1 de abril de 2002 manterá a súa vixencia ata a extinción do título correspondente establecido pola Lei orgánica 1/1990, de ordenación xeral do sistema educativo. Logo de extinguido o título anterior, a devandita certificación ha permitir o acceso aos ciclos formativos declarados equivalentes para os efectos académicos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, segundo se estableza nos reais decretos dos títulos correspondentes.

Vixencia das resolucións de exencións anteriores ao 2009 da parte específica da proba de acceso de grao superior

- Quen dispoña de resolución positiva de exención da parte específica da proba de grao superior ao abeiro da Orde do 1 de abril do 2002, pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica, modificada pola do 30 de xaneiro de 2007, poderaa presentar en futuras convocatorias, mantendo a súa validez sempre que a opción elixida A, B ou C inclúa o ciclo para o que se concedese a devandita exención.

Probas de acceso

Resolución administrativa

- Persoas que nas convocatorias de 2015, 2016 e 2017 en Galicia, superasen unha das partes, e estean en condicións, logo de rematado o proceso, de acreditar nas partes non superadas algunha das causas de exención previstas.
- Solicitud de certificado de superación da proba en calquera centro público de educación secundaria onde se impartan ciclos formativos de FP desde o día seguinte da publicación das cualificacións definitivas ata finais de setembro.
- Emisión de certificados por calquera centro que imparta ensinanzas de formación profesional.

Outras probas en FP

Outras probas

- Probas para a obtención de carnés e habilitacións profesionais.
- Probas libres para a obtención dos títulos de formación profesional.
 - Para extinción de títulos LOXSE.
 - Para obtención títulos LOE de GM e GS.

Probas libres

Títulos LOE de GM e GS

Probas libres títulos LOE

Normativa

- Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Probas libres títulos LOE

Oferta

- Igual que a que xa ten o centro (ciclos e módulos).
Excluídos FCT e proxecto.
- 10 prazas para cada réxime e modalidade.
 - A. vinculada á oferta do réxime ordinario.
 - B. Vinculada á oferta persoas adultas presencial.
 - C. Vinculada á oferta persoas adultas distancia.
- 10% para alumnado con discapacidade.

Probas libres títulos LOE

Requisitos de acceso

- Condicións acceso á ciclos.
- 18 anos para GM.
- 20 anos para GS, ou 19 + título de técnico.
- Con carácter xeral, non estar matriculado nin ter causado baixa no correspondente curso académico.
- En prazas vacantes:
 - Experiencia laboral 2 anos para acceso MP asociados a UC.
 - Persoas matriculadas polo réxime de persoas adultas noutros módulos do mesmo ciclo formativo (Artigo 21 da resolución do 3 de agosto de 2017).
 - Ata tres módulos do mesmo ciclo.
 - Módulos pendentes de superación (no caso de ter superados FCT e Proxecto).

Probas libres títulos LOE

Calendario

- Presentación de solicitudes: derradeiros 10 días hábiles de abril.
- Listaxe provisional de solicitudes a tres días hábiles de rematado o prazo.
- Reclamación (3 días).
- Listaxe definitiva de solicitudes (3 días).
- Relación definitiva de admitidos.
- Matriculación (3 días).
- Matriculación prazas vacantes.

Probas libres títulos LOE

Desenvolvemento

- Comisión de avaliación.
- Deseño das probas.
 - 1ª parte, “teórica”. Eliminatoria.
 - 2ª parte, “práctica”.
- Programación.
 - Identificación.
 - Resultados de aprendizaxe.
 - Criterios de avaliación e mínimos esixibles para avaliación positiva.
 - Características da proba e instrumentos de avaliación.

Habilitacións profesionais e carnés profesionais

Actividades reguladas

- Actividades que para o seu exercicio profesional cómpre xustificar que se está capacitado segundo os requisitos establecidos nun regulamento normativo.
- Accións sobre determinados equipamentos, instalacións, maquinaria, etc., sobre todo no ámbito da seguridade industrial que supoñan:
 - Mantemento.
 - Instalación.
 - Reparación.
 - Manipulación.
 - Conservación.
 - Operación.

Actividades reguladas

- Documentación acreditativa:
 - Carnés profesionais.
 - Habilitacións profesionais.
- Carné: concepto xeral empregado antes da entrada en vigor de novas disposicións normativas (Real decreto 560/2010).
- Habilitación profesional: denominación empregada na maioría de especialidades na actualidade.

Carnés profesionais

- Carnés profesionais en vigor.
 - Instalacións térmicas en edificios.
 - Guindastre torre.
 - Guindastre móbil autopropulsado:
 - Categoría A.
 - Categoría B.

Carnés profesionais

- Actividades que xa non están reguladas en Galicia. Non é necesario carné profesional (Decreto 51/2011, de 17 de marzo).
- Cumprir requisitos dos convenios colectivos:
 - Instalador/a de fontanería.
 - Salón de peiteado e estética.
 - Máquinas para a preparación rápida de café.

Habilitacións profesionais

- Instalador/a de gas categorías A, B, C.
- Instalador/a de prod. petrol. líquidos I, II.
- Reparador/a de prod. petrol. líquidos III.
- Operador/a industrial de caldeiras.
- Profesional frigorista habilitado/a.
- Instalador/a en baixa tensión.
- Instalador/a en alta tensión.
- Conservador/a de ascensores.
- Manipulador/a de gases fluorados.
- Responsable técnico/a de taller de reparación de vehículos.
- Profesional competente instalador/a mantedor/a de equipamentos ou sistemas de telecomunicación.

Vías de obtención

- Principais vías de capacitación (en función da especialidade):
 - Proba teórico práctica.
 - Titulación de fp.
 - Titulación universitaria.
 - Certificado de profesionalidade.
 - Cualificación profesional (acreditación de competencias).
 - Certificación entidade acreditada Real decreto 2200/1995.
 - Programa formativo.

Vías de obtención

- Exclusivamente a través de titulación ou certificado de profesionalidade:
 - Profesional frigorista habilitado/a.
 - Instalador/a en baixa tensión.
 - Instalador/a en alta tensión.
 - Conservador/a de ascensores.
 - Responsable técnico de taller de reparación de vehículos.
 - Profesional competente instalador/a mantedor/a de equipamentos ou sistemas de telecomunicación.
 - Outras que se determinen.

Vías de obtención

- Entidade acreditada certificacións de persoas Real decreto 2200/1995.
 - Entidad Nacional de Acreditación (ENAC).
 - Acredita entidades de certificación persoas.
 - Rexistro de entidades acreditadas.
 - Especialidades por esta vía.
 - Caldeiras.
 - Instalacións térmicas.
 - Gas A, B, C.
 - Produtos petrolíferos I, II, III.

Vías de obtención

- Proba teórico-práctica (exame).
 - Gas A, B, C.
 - Petrolíferos I, II, III.
 - Caldeiras.
 - Térmicas.
 - Guindastre torre.
 - Guindastre móbil A, B.
 - Gases fluorados (xunto con programa formativo).
 - Calquera carga.
 - Menos de 3 kg.
 - Transporte de mercadorías.

Vías de obtención

- Características da proba teórico práctica (exame):
 - Primeira parte.
 - Exame tipo test.
 - Segunda parte.
 - Suposto práctico escrito.
 - Demostración real.
- Convocatorias, información: edu.xunta.es/fp

Referencias organismos competentes

- Páxina web Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital:
 - Instalador/a de gas, categoría B.
 - Profesional frigorista habilitado/a.
 - Instalador/a en baixa tensión.
 - Instalador/a en alta tensión.
 - Operador/a industrial de caldeiras.
 - Conservador/a de ascensores.

Referencias organismos competentes

- Gases fluorados:
 - Real decreto 115/2017.
 - Web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: edu.xunta.es/fp
 - Web Consellería de Economía, Emprego e Industria: emprego.ceei.xunta.gal
 - Currículos títulos de fp (títulos LOE).

Requisitos adicionais

- Convenios colectivos.
- Outras normas.

Requisitos adicionais

- Convenios colectivos:
 - Construción.
 - Metal.
 - Madeira.
 - Telecomunicacións.
 - Centros de asistencia e educación infantil.
 - Outros.
- Consultar o Rexistro de acordos colectivos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Prevención de riscos na Construción

- Formación obrigatoria para todos os traballadores e traballadoras que prestan servizos en obras de construción. ►
- Fundación Laboral da Construción.
 - V Convenio colectivo do sector da construción.
 - Convenio colectivo estatal da industria, a tecnoloxía e os servizos do sector do metal.
 - Convenio colectivo do sector da Madeira.

Prevención de riscos na Construción

- Formación necesaria:
 - Formación por ciclos:
 - Primer ciclo de formación (formación inicial).
 - Segundo ciclo de formación (oficios).
 - Certificado:
 - Certificado de nivel básico de prevención en construcción.
 - Segundo ciclo de formación (oficios).
- Tarxeta profesional da construción:
 - Acredita a formación en PRL.
 - Categoría profesional e experiencia.
 - Recoñecementos médicos.
 - Outra información.

Ciclos formativos de grao medio que permiten a obtención de habilitacións profesionais e carnés (selección)

- Instalacións eléctricas e automáticas.
- Instalacións de telecomunicacións.
- Electromecánica de vehículos automóbiles.
- Carrozaría.

Técnico en instalacións eléctricas e automáticas.

- Habilitación profesional como instalador/ora en baixa tensión (categorías básica e especialista) ▶
- Profesional competente instalador/a mantedor/a de equipamentos ou sistemas de telecomunicación.
 - Tipos de instalacións (verificar tipo):
 - Tipo A: infraestruturas de telecomunicacións en edificios ou inmobles.
 - Tipo B: instalacións de sistemas de telecomunicacións.
 - Tipo C: instalacións de sistemas audiovisuais.
 - Tipo D: instalacións de centros emisores de radiocomunicacións.
 - Tipo E: instalacións de telecomunicación en vehículos móbiles.
 - Tipo F: instalacións de infraestruturas de telecomunicación de nova xeración e de redes de telecomunicacións de control, xestión e seguridade en edificacións ou conxuntos de edificacións.
- Segundo ciclo de formación (construción). Oficio electricidade

Técnico en instalacións de telecomunicacións.

- Profesional competente instalador/a mantedor/a de equipamentos ou sistemas de telecomunicación.
 - Tipos de instalacións (verificar tipo):
 - Tipo A: infraestruturas de telecomunicacións en edificios ou inmobles.
 - Tipo B: instalacións de sistemas de telecomunicacións.
 - Tipo C: instalacións de sistemas audiovisuais.
 - Tipo D: instalacións de centros emisores de radiocomunicacións.
 - Tipo E: instalacións de telecomunicación en vehículos móbiles.
 - Tipo F: instalacións de infraestruturas de telecomunicación de nova xeración e de redes de telecomunicacións de control, xestión e seguridade en edificacións ou conxuntos de edificacións.
- Segundo ciclo de formación (construción). Oficio: electricidade.

Técnico en electromecánica de vehículos automóbiles.

- Responsable técnico/a de taller.
 - Ramas:
 - Mecánica.
 - Electricidade e electrónica.
 - Especialidades:
 - Pneumáticos.
 - Radiadores.
 - Equipamentos de inxección.
 - Cristais e parabrisas.
 - Dispositivos de remolcar.
- Manipulación de gases fluorados (confort térmico de persoas en vehículos).

Técnico en carrozaría.

- Responsable técnico/a de taller.
 - Ramas:
 - Carrozarías.
 - Pintura.
 - Especialidades:
 - Cristais e parabrisas.

Ciclos formativos de grao superior que permiten a obtención de habilitacións profesionais e carnés (selección).

- Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.
- Sistemas electrotécnicos e automatizados.
- Sistemas de telecomunicacións e informáticos.
- Automoción.
- Mecatrónica industrial.

Técnico superior en eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.

- Carné profesional de instalacións térmicas de edificios.
- Gases fluorados (a través de carné profes.):
 - Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a 3 kg de gases fluorados.
- Segundo ciclo de formación (construción). Oficio: administrativo.

Técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.

- Habilitación profesional como instalador/a en baixa tensión (categorías básica e especialista).
- Profesional competente instalador/a mantedor/a de equipamentos ou sistemas de telecomunicación.
 - Tipos de instalacións (verificar tipo):
 - Tipo A: infraestruturas de telecomunicacións en edificios ou inmobles.
 - Tipo B: instalacións de sistemas de telecomunicacións.
 - Tipo C: instalacións de sistemas audiovisuais.
 - Tipo D: instalacións de centros emisores de radiocomunicacións.
 - Tipo E: instalacións de telecomunicación en vehículos móbiles.
 - Tipo F: instalacións de infraestruturas de telecomunicación de nova xeración e de redes de telecomunicacións de control, xestión e seguridade en edificacións ou conxuntos de edificacións.
- Segundo ciclo de formación (construción). Oficio: electricidade.

Técnico superior en sistemas de telecomunicacións e informáticos

- Profesional competente instalador/a mantedor/a de equipamentos ou sistemas de telecomunicación.
 - Tipos de instalacións (verificar tipo):
 - Tipo A: infraestruturas de telecomunicacións en edificios ou inmoables.
 - Tipo B: instalacións de sistemas de telecomunicacións.
 - Tipo C: instalacións de sistemas audiovisuais.
 - Tipo D: instalacións de centros emisores de radiocomunicacións.
 - Tipo E: instalacións de telecomunicación en vehículos móbiles.
 - Tipo F: instalacións de infraestruturas de telecomunicación de nova xeración e de redes de telecomunicacións de control, xestión e seguridade en edificacións ou conxuntos de edificacións.
- Segundo ciclo de formación (construción). Oficio: electricidade.

Técnico superior en automoción

- Responsable técnico/a de taller.
 - Ramas:
 - Mecánica.
 - Electricidade e electrónica.
 - Carrozaría.
 - Pintura.
 - Especialidades:
 - Pneumáticos.
 - Radiadores.
 - Equipamentos de inxección.
 - Cristais e parabrisas.
 - Dispositivos de remolcar.
- Manipulación de gases fluorados (confort térmico de persoas en vehículos).

Técnico superior en mecatrónica industrial

- Conservador/a de ascensores.

Requisitos para as empresas

- Autoemprego:
 - Réxime especial autónomos.
 - Requisitos establecidos nos regulamentos:
 - Declaración responsable.
 - Seguro responsabilidade civil.
 - Outros requisitos.
- Traballo por conta allea:
 - Persoal habilitado.

Habilitación e certificación de empresas

- Organismo competente: Consellería de Economía, Emprego e Industria.
 - Habilitación das empresas relacionadas coas habilitacións profesionais e carnés profesionais en materia de seguridade industrial.
 - Certificación de empresa en materia de gases fluorados.
 - Habilitación para talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e componentes.
- Organismo competente: Ministerio de enerxía, turismo e axenda dixital.
 - Declaración responsable para a inscrición no Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación.

Grazas pola súa atención

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

www.edu.xunta.es/fp

sxftp@edu.xunta.es

admission.ciclos@edu.xunta.es

probas.ciclos@edu.xunta.es

equipamentos.ciclos@edu.xunta.es

calidade@edu.xunta.es

habilitacions.profesionais@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA
DE GALICIA